

De acordo coa Resolución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a realización das probas de acceso ao curso académico 2020/2021 nos graos elemental e profesional das ensinanzas de música e de danza e as súas aclaracións posteriores.

O prazo para inscribirse a proba de acceso a 2º, 3º e 4º de Grao Elemental abranguirá dende o luns 15 ata o venres 26 de xuño, ambos os dous incluídos.

A presentación de toda a documentación será preferentemente a través do correo do conservatorio. "[conservatorio@culleredo.es](mailto:conservatorio@culleredo.es)"

**Documentación a presentar:**

- Impreso de inscrición asinado polos dous proxenitores.
- Fotocopia do DNI do/a aspirante (no seu defecto libro de familia)

As familias que non dispoñan de medios telemáticos para poder presentar a matrícula poden facelo presencialmente no edificio do conservatorio solicitando cita previa no teléfono 981 667798 en horario de 9:00h a 14:00h.

Unha vez finalizado o proceso de matrícula enviaremos un correo confirmando a inscrición a proba de acceso.

A realización das probas serán entre o día 1 e 4 de setembro, unha vez establecidas as datas e a hora da convocatoria, publicaranse no centro e enviarase un correo informativo a todos/as os/as aspirantes.

Culleredo, 11 de xuño de 2020

A xefatura de estudos